

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Corrección de erro en bases reguladoras do proceso de selección para constitución e funcionamento de lista de espera de funcionario interino auxiliar administrativo publicadas no BOP nº 241 de 19 de decembro de 2018.

Anuncio: Corrección de erro en bases reguladoras do procedemento de selección para constitución e funcionamento dunha lista de espera de auxiliar administrativo/a (funcionario interino).

No BOP da Coruña nº 241 de 19 de decembro de 2018, procedeuse á convocatoria e publicación das bases reguladoras do procedemento de selección encamiñado á elaboración e funcionamento dunha lista de espera de personal auxiliar administrativo (funcionario interino).

Mediante Resolución de Alcaldía nº 618/2018 de 27 de decembro, efectuouse unha corrección das citadas bases cuxa parte dispositiva indica o seguinte tenor literal:

PRIMEIRO.- Correxir as bases reguladoras da a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á constitución e funcionamento dunha lista de espera para nomear a personal coa categoría de auxiliar administrativo/a (coa condición de funcionario interino) publicadas no BOP nº 241 de 19 de decembro de 2018 na súa base 4ª, apartado segundo, no que ao prazo de presentación de instancias se refire, quedando redactado o punto 4º.2 da seguinte forma:

“CUARTA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

1. Os que desexen tomar parte no procedemento selectivo desta praza presentarán solicitude no modelo oficial, que figura no anexo I a estas bases. Na solicitude manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2. As solicitudes dirixiranse ao señor Alcalde-Presidente da Corporación Municipal, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Concello de Malpica de Bergantiños, Avda Emilio González, 1. 15113. Malpica de Bergantiños-A Coruña) de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou ben de forma telemática ,a través da Sede electrónica do concello de Malpica de Bergantiños (<http://sede.malpicadebergantinos.es>), no prazo de vinte e cinco (25) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria e presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, todo isto sen perxuízo de que o Concello para maior difusión tamén o publique noutros medios (Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, páxina web municipal: www.concellomalpica.com).

3. Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante fax (981 721627) ou mediante correo electrónico (correo@malpicadebergantinos.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

4. Os dereitos de participación neste proceso, de conformidade co establecido no artigo 7 . epígrafe 4, da Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora da taxa polos documentos que expidan ou que entendan a administración ou as autoridades locais, fíxanse na contía en 12 euros (12,00 €), que deberán ingresarse na conta de Tesourería do Concello Malpica ES36-2080-0030-963110000041 de Nova Galicia Banco. O xustificante do pagamento da taxa correspondente xuntarase á instancia presentada. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia. Os dereitos de exame so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

5. As solicitudes deberán presentarse acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do dni ou documento equivalente.
- Carta de pagamento ou xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame.

- Titulación correspondente á lingua galega: As pesonas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo da maneira normativamente establecida (mediante certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou equivalente) quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser presentada en fotocopia simple do orixinal. Non obstante conforme ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Malpica de Bergantiños cando considere que existen dúbidas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultada de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e de medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para isto farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.”

SEGUNDO: Publicar a presente corrección no BOP de A Coruña, computando o prazo de presentación de instancias dende o día seguinte ao da publicación inicial das bases (19 de decembro de 2018), é dicir, rematando o prazo de presentación de instancias o 14 de xaneiro de 2019 (inclusive).

Malpica de Bergantiños a 27 de decembro de 2018.

O Alcalde

Eduardo José Parga Veiga

2018/9766